

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 25 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT215A).

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia, e, no artigo 32, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación, promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos colectivos, corporacións locais e industrias culturais, que desenvolvan un labor cultural dentro do seu ámbito competencial.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a financiar os



gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado para o ano 2022, de acordo co establecido na presente orde.

2. Estas axudas contribúen á promoción e cooperación cultural, á difusión e animación sociocultural e, en definitiva á promoción da cultura en Galicia, por considerar que as artes escénicas e musicais son elementos claves da creatividade artística e da dinamización cultural da nosa comunidade autónoma.

3. Os festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais obxecto de subvención deben cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter unha duración mínima de dous días consecutivos e un máximo seis.
- O orzamento destinado á contratación artística non superará o 50 % do orzamento do proxecto presentado e o importe por actuación non superará en ningún caso os 5.000 €.
- A programación contará, cando mínimo, cun 30 % do total das actuacións artísticas a cargo de grupos e/ou compañías galegas.
- O proxecto obxecto de subvención debe ter un carácter libre e gratuíto para o público asistente.

O cumprimento destes requisitos acreditarase mediante unha declaración responsable que acompañará á solicitude (anexo I).

4. Serán subvencionables os proxectos constituídos polas actuacións sinaladas no artigo 2, que se desenvolvan no período que comprende desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de outubro de 2022.

5. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

6. O procedemento de concesión de subvencións regulado na presente orde ten o código CT215A para os efectos de identificación na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e o acceso aos formularios específicos, de uso obrigatorio para os interesados.



Artigo 2. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas á organización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames musicais, teatrais, de danza e outras artes escénicas que teñan lugar no territorio de Galicia e que dediquen unha especial atención á programación e difusión da música, o teatro e a danza de Galicia. Para efectos desta convocatoria non se consideran actuacións subvencionables os eventos de carácter audiovisual e/ou cinematográfico.

Quedan excluídas do obxecto desta convocatoria as seguintes actividades:

- As programacións culturais de carácter xeral.
- Os cursos e actividades de formación e divulgación, como talleres, seminarios, conferencias, encontros ou similares.
- Os proxectos de carácter exclusivamente académicos ou gremiais e os actos conmemorativos.
- Os premios e as galas.
- As actividades internas das entidades, dirixidas a un público propio.
- As actividades lúdico-deportivas.
- As festas patronais.
- As feiras sectoriais.
- As actividades de promoción turística.
- As feiras gastronómicas.

Artigo 3. Entidades beneficiarias e requisitos

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta convocatoria as seguintes entidades:

- a) Institucións sen ánimo de lucro.



b) Entidades locais.

As axudas, no ámbito das entidades locais, están dirixidas a concellos de Galicia, mediante solicitude individual ou mediante xestión compartida, a través da solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, as mancomunidades de concellos e consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos; así mesmo, poderán ser beneficiarias as entidades resultantes dunha fusión municipal.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as deputacións provinciais.

2. As entidades ao abeiro desta orde, sen prexuízo do cumprimento da totalidade da normativa aplicable, deberán reunir os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos aplicables a todas as entidades:

Non poderán obter a condición de beneficiarias destas subvencións as entidades nas que concorran algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de agrupacións ou asociacións de concellos, todos os concellos agrupados ou asociados deberán cumprir os requisitos anteriores polo que o incumprimento por parte de algún dos concellos participantes na solicitude de subvención suporá a inadmisión desta.

Para poder acceder ás subvencións deberán cumprirse os requisitos e condicións establecidos nesta convocatoria e na normativa xeral de subvencións na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A acreditación de que as entidades non están incursas nas prohibicións ou circunstancias relacionadas nos puntos anteriores realizarase mediante declaración responsable, a través do anexo I de solicitude.

2.2. Requisitos específicos aplicables ás institucións sen ánimo de lucro:

a) Ademais dos requisitos establecidos no punto 2.1 deste artigo, as institucións sen fin de lucro deben reunir os seguintes requisitos específicos:

- Ter representación na Comunidade Autónoma de Galicia.



- Ter como obxecto social o fomento e dinamización da cultura galega.
- Desenvolver a maior parte das súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non poderán ser beneficiarias das axudas as seguintes institucións sen fin de lucro:

- Entidades ou asociacións que pertenzan ao ámbito educativo.
- Asociacións ou federacións de veciños, e da terceira idade.

b) As fundacións que se acollan a esta convocatoria non poderán percibir subvencións nin axudas públicas se non cumpren coa obriga de presentarlle as contas ao protectorado, segundo o establecido no artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

2.3. Requisitos específicos aplicables ás entidades locais:

a) As entidades locais deberán cumprir co requisito de ter remitido as contas do exercicio orzamentario 2020 ao Consello de Contas de Galicia.

No caso de agrupación ou asociación de concellos, deberán cumprir con este requisito todos os concellos integrantes.

b) As agrupacións ou asociacións de concellos deberán xestionar o servizo de forma conxunta e supoñer un aforro de custos respecto dos que implicaría a prestación individual; no caso de mancomunidades e consorcios locais deberá acreditarse que as actuacións se prestan de xeito mancomunado ou consorciado e que, en todo caso, non supoñen actuacións illadas ou independentes.

Artigo 4. *Financiamento e contía das subvencións*

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022, seguintes: 10.40.432B.481.2 por un importe inicial máximo de 30.000 €, para os solicitantes dentro do grupo de institucións sen fin de lucro e 10.40.432B.460.0, por un importe inicial máximo de 20.000 €, para o grupo de solicitantes de entidades locais.



2. No suposto de que unha das aplicacións orzamentarias quede crédito dispoñible, ben polo número de solicitudes ou pola puntuación obtida, poderá incrementarse o crédito da outra aplicación contemplada nesta orde.

3. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, tras a aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo para resolver.

4. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 6.000 €, que en ningún caso poderá exceder o 70 % do orzamento total do proxecto que se vai realizar. Este importe de 6.000 € ascenderá a 7.500 € cando se trate de solicitudes conxuntas de entidades locais, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local de acordo co establecido no artigo 3 desta orde.

Artigo 5. *Compatibilidade con outras axudas*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O importe da subvención concedida non poderá en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo obxecto e finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superar o custo da actuación que desenvolverá a entidade solicitante. No caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

3. No suposto de entidades solicitantes que sexan receptoras doutras axudas para o mesmo fin concedidas por outra entidade, deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade utilizando o formulario establecido para os efectos no



anexo I a esta orde, o cal terá que volver presentarse no suposto de variar as circunstancias inicialmente declaradas. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 6. *Gastos subvencionables*

1. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se inclúan entre os seguintes:

- a) Gastos de difusión e publicidade en calquera soporte.
- b) Alugueiro de espazos e equipamentos técnicos.
- c) Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais.
- d) Premios e galardóns oficiais.

e) Gastos de viaxes, aloxamento e manutención das persoas participantes nas actividades propostas. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.

2. Os ditos gastos deberán estar realizados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de outubro de 2022.

3. En ningún caso serán subvencionables:

- a) Gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade.
- b) Gastos de salarios ou calquera tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos do promotor, se é persoa física, ou das persoas pertencentes á entidade promotora das actuacións.
- c) Investimento ou adquisición de material ou equipos que supoñan incremento de patrimonio do solicitante.



d) Gastos protocolarios.

e) Degustacións gastronómicas e actividades complementarias que non teñan carácter cultural.

f) Os gastos excluídos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non se poderán subcontratar, nin total nin parcialmente, as actividades obxecto de subvención, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

5. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos será resolta pola Secretaría Xeral de Cultura por propia iniciativa ou por pedimento de calquera das entidades solicitantes.

Artigo 7. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes de participación para estas axudas deberán respectar as seguintes condicións:

a) Para as institucións sen fin de lucro, cada entidade só poderá presentar unha única solicitude cun único proxecto.

b) Para as entidades locais, cada entidade poderá presentar unha única solicitude, ben sexa individual ou a través da xestión compartida, a cal debe corresponderse co proxecto do mesmo evento cultural de carácter afeccionado.

No caso de xestión compartida mediante agrupación de concellos, a solicitude presentada pola agrupación corresponderase mesmo a cal debe corresponderse co proxecto do mesmo evento cultural de carácter afeccionado para cada un dos concellos agrupados.

Ningún concello poderá figurar simultaneamente en solicitude de xestión individual e compartida. O incumprimento desta medida dará lugar a inadmisión da solicitude individual e considerarase efectiva a solicitude de xestión compartida.

c) Cando o órgano tramitador observe que unha institución sen ánimo de lucro participa en máis dunha solicitude; ou no caso de entidades locais, cando unha entidade local



participa en máis dunha solicitude a nivel individual ou en máis dunha solicitude a nivel de xestión compartida, poñerá de manifesto para que, no prazo máximo de 10 días, poida desistir da solicitude ou solicitudes necesarias para dar cumprimento ao establecido neste artigo; de non o facer, non se admitirá ningunha das solicitudes presentadas.

2. As entidades solicitantes relacionadas no artigo 3 da orde de convocatoria que desexen acollerse a estas axudas, deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. En todo caso, sempre estarán excluídos do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

1.1. Documentación xeral:

a) Certificado de acordo de solicitude da axuda, que deberá recoller a aceptación das condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o impor-



te da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

O certificado irá asinado electronicamente polo órgano competente da entidade solicitante. No caso de agrupacións de concellos a certificación será asinada polo/a secretario/a da entidade representante, na que se fagan constar os anteriores preceptos con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos agrupados e/ou nas certificacións emitidas polos/as secretarios/as dos concellos integrantes da agrupación.

b) Declaración responsable de que o proxecto para o que se solicita a subvención cumpre cos requisitos establecidos no artigo 1.3 da orde.

c) Remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario 2020. No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de agrupación de concellos, deberán cumprir con este requisitos todos os concellos integrantes da agrupación.

d) No caso de fundacións, acreditación de atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, de acordo coa normativa específica que rixa a entidade.

e) Acreditación da representación da persoa que asina a solicitude en nome da entidade.

f) Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.

1.2. Documentación específica:

a) Ficha do proxecto (anexo II).

b) Memoria da traxectoria e interese cultural e artístico do evento en edicións anteriores, que deberá abordar conforme o establecido no artigo 14.1.A os seguintes aspectos:

– Antigüidade do evento.



- Premios e recoñecementos acreditados.
- Asistencia de público, con achega de datos de participación presencial.
- Calidade das programacións, facendo explícitos os seus aspectos innovadores e creativos.
- Repercusión nos medios de comunicación e no territorio.

A memoria deberá ter unha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de doce a dobre cara co seguinte formato: letra Arial tamaño 12, interlineado sencillo, alineación xustificada e marxes de 2 cm.

c) Memoria completa e detallada do proxecto que se vai realizar que deberá abordar, conforme o establecido no artigo 14.1.B), os seguintes aspectos:

- Interese, singularidade e relevancia artística e cultural da edición.
- Contribución e estratexias de captación ou creación de novos públicos.
- Programación de actividades culturais complementarias vinculadas ao proxecto presentado.
- Plan de comunicación.
- Repercusión territorial.
- Contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas. O establecemento do uso da lingua galega non suporá un límite ao establecemento ou prestación das actuacións.

A memoria deberá expoñer con claridade o carácter musical ou escénico do proxecto e concretará os obxectivos que se perseguen, os resultados esperados, así como a temporalización e localización do evento.

A memoria deberá ter unha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de doce a dobre cara co seguinte formato: letra Arial tamaño 12, interlineado sinxelo, aliñación xustificada e marxes de 2 cm.



d) Memoria de aforro de custos estimado respecto á realización das actuacións ou proxecto de forma individualizada (no caso de agrupación ou asociación de concellos).

e) Convenio de colaboración ou instrumento xurídico que regule a agrupación ou asociación.

2. Sen prexuízo de todo o anterior, a entidade solicitante poderá achegar calquera outra documentación que entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude; así mesmo, a unidade tramitadora das subvencións poderá solicitar a documentación complementaria aclaratoria que considere pertinente.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

6. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá requirir as entidades solicitantes para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación do procedemento.



Artigo 9. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

No caso de agrupación ou asociación de concellos, consultarase os documentos sinalados para cada un dos concellos integrantes.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Emenda de solicitudes

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, requirirase á entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días



hábeis, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no articulado básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu desenvolvemento, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Correspóndelle á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a instrución do procedemento de concesión de subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, se lle poderá requirir a entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Logo de revisar a documentación inicial, e se é o caso, realizado o trámite de emenda, o órgano instrutor procederá a remitir á Comisión de Valoración os expedientes presentados para a súa valoración conforme o principio de concorrencia que rexe as bases reguladoras.



Artigo 13. Comisión de Valoración

1. A Comisión de Valoración axustarase aos preceptos contidos na sección terceira da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e estará composta polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura.

b) Secretaría: exercerá a secretaría da comisión un/unha dos/das vogais da Comisión.

c) Vogalías: a persoa titular do Servizo de Promoción Cultural, a persoa titular da xefatura do Servizo de Coordinación Administrativa e Apoio Normativo da Área de Cultura e dúas persoas funcionarias nomeadas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da Comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura.

2. A Comisión de Valoración poderá requirir ás entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria, que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

3. A Comisión realizará a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos no artigo 14 e de repartición económica, a cal se realizará proporcionalmente ás puntuacións obtidas, cos límites determinados no artigo 4.4 da orde.

Logo de que a Comisión realice a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de valoración e repartición económica, da que quedará constancia en acta motivada, a Secretaría Xeral de Cultura elevará a proposta á persoa titular da consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen resolverá.

Artigo 14. Criterios de valoración

1. As solicitudes que se presenten valoraranse pola Comisión de Avaliación, a que fai referencia o artigo 13, de acordo cos seguintes criterios:

A) Traxectoria e interese cultural e artístico do evento nas edicións anteriores: máximo 25 puntos.



A Comisión valorará, segundo a documentación acreditativa presentada, os seguintes aspectos:

– A antigüidade do evento, carácter continuado e non ocasional do proxecto e concreción do número de edicións levadas a cabo: 1 punto por cada 5 edicións, cun máximo de 5 puntos.

– Os premios e recoñecementos acadados polo evento: 1 punto por cada premio acreditado, cun máximo de 5 puntos.

– A asistencia de público en edicións anteriores: 1 punto por cada 1.000 asistentes, cun máximo de 5 puntos. Deberá indicarse o sistema de acreditación de entrada que permita avaliar a asistencia de persoas ao evento (inscricións, control de accesos, invitacións, etc.).

– A calidade das programacións: máximo 5 puntos. Explicitaranse os aspectos innovadores e creativos das propostas presentadas en edicións anteriores, tanto no referido ao tipo de actividade como ao seu desenvolvemento, outorgando a seguinte puntuación:

- Escaso nivel de detalle: 1 punto.
- Detalle e explicación da innovación, orixinalidade e creatividade do proxecto a nivel xeral: 3 puntos.
- Detalle e explicación da innovación, orixinalidade e creatividade cun alto nivel de precisión: 5 puntos.

– A repercusión do evento nos medios de comunicación e no territorio nas edicións anteriores: máximo 5 puntos.

Avaliaranse todas as medidas adoptadas para dar a coñecer a actividade, valorando o alcance territorial da difusión, isto é, a súa contribución na acción cultural e dinamizadora do territorio, así como os medios de comunicación empregados para difundir o proxecto, tanto os soportes tradicionais como a utilización de tecnoloxías da información e comunicación e redes sociais.

- Escasa repercusión: 1 punto.
- Repercusión media: 3 puntos.



- Alta repercusión: 5 puntos.

B) Valoración do proxecto a realizar na edición 2022: máximo 50 puntos.

- Interese, singularidade e relevancia artística e cultural do evento: máximo 15 puntos.

A Comisión valorará os seguintes aspectos: a orixinalidade e carácter innovador do proxecto en relación con outros eventos similares, a experimentación de novos formatos, o tratamento de temáticas pouco difundidas ou, dentro da especificidade e carácter propio de cada proxecto, o valor cultural deste.

- A explicación que se facilita, con independencia da extensión do texto, é moi básica e pouco clara e con información moi pouco precisa: 5 puntos.

- A explicación é correcta pero pouco desenvolvida: 10 puntos.

- A explicación é moi clara e expón unha información moi detallada e precisa: 15 puntos.

- Contribución á captación ou creación de novos públicos: máximo 10 puntos.

Valorarase a capacidade do proxecto para promover a diversidade sociocultural do público, a accesibilidade, as relacións interxeneracionais, e/ou a integración de persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade.

- Non se especifican pautas nin medidas de captación: 0 puntos.

- As medidas son moi xerais e pouco detalladas: 3 puntos.

- As medidas están presentes na programación, pero non se valoran de modo especial: 6 puntos.

- As medidas están presentes ou moi presentes e son as máis adecuadas e óptimas na busca do incremento e captación de novos públicos: 10 puntos.

- Actividades culturais complementarias, vinculadas ao proxecto presentado: 6 puntos.

- De carácter formativo: 1 punto por cada actividade, máximo 3 puntos.



• De carácter divulgativo (edición de libros, conferencias, premios, concursos, etc.): 1 punto por cada actividade, máximo 3 puntos.

– Plan de comunicación: 6 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos: as estratexias de comunicación, a amplitude de medios ao que vai dirixido, o cronograma de actuacións e o período de tempo dedicado á súa execución.

• Ausencia dun plan de comunicación: 0 puntos.

• Plan de comunicación convenientemente estruturado pero cunha metodoloxía pouco desenvolvida: 3 puntos que desenvolva ata dous dos aspectos valorados.

• Plan de comunicación ben estruturado e detallado con precisión, capaz de potenciar e promover efectivamente o evento: 6 puntos que desenvolva convenientemente 3 ou máis dos aspectos valorados.

– Repercusión territorial do evento: 8 puntos.

A repercusión territorial está referida ao impacto de carácter sociocultural que pode xerar no territorio o proxecto, valorándose a implicación e colaboración e participación do tecido cultural, asociativo e veciñal da zona para que o evento acade unha maior relevancia e participación, ou a capacidade de atraer e interesar ao público.

• Escasa repercusión: 1 punto.

• Repercusión media: 4 puntos.

• Alta repercusión: 8 puntos.

– Contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas: 5 puntos.

Valorarase como un dos obxectivos do proxecto o fomento do uso e coñecemento da lingua galega así como as medidas encamiñadas á súa promoción.

• Uso do galego na realización da propia actividade (3 puntos).

• Uso do galego na difusión da actividade (2 puntos).



C) Viabilidade económica do proxecto: máximo 25 puntos.

Valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto:

– Do 31 % ao 40 %: 5 puntos.

– Do 41 % ao 60 %: 15 puntos.

– Do 61 % en diante: 25 puntos.

Como puntuación adicional, en cumprimento do Acordo do Consello da Xunta, polo que se determinan os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal, outorgaranse ata 45 puntos a aquelas solicitudes que cumpran algún dos seguintes puntos:

A) Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula agás a de fusión municipal:

– 15 puntos por presentación de solicitudes conxuntas.

– Ata 15 puntos, segundo os seguintes criterios:

a) Nº de concellos asociados: ata 5 puntos.

b) Nº de servizos que se van prestar de forma compartida: ata 5 puntos.

c) Repercusión sobre o número total de poboación: ata 5 puntos.

– Pola valoración da memoria explicativa do aforro de custos que supón a prestación conxunta sobre a individual: ata 15 puntos.

B) Fusión municipal. Pola mera presentación da solicitude por parte das entidades resultantes da fusión: 45 puntos.

Se por aplicación dos criterios de valoración dous ou máis solicitudes obtivesen a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar a axuda a todas elas, para o desempate terá preferencia, en primeiro lugar, a porcentaxe de autofinancia-



mento que sexa superior, e, de persistir o empate, resolverase tendo en conta a data e a hora de presentación da solicitude.

Artigo 15. *Proposta de resolución*

1. O órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada, logo de examinar os expedientes e do informe de avaliación emitido pola Comisión de Valoración, repartindo o importe total do crédito dispoñible para cada tipo de entidade beneficiaria (institucións sen fin de lucro e entidades locais) de forma proporcional aos importes das axudas solicitadas e da puntuación obtida. Esta proposta provisional farase pública na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, <https://www.cultura.gal>

2. Os proxectos admitidos que non acaden unha puntuación igual ou superior a 25 puntos no punto 14.1.B) dos criterios de valoración (valoración do proxecto que se vai realizar) non terán dereito a subvención; así mesmo, aqueles proxectos que obtendo a puntuación mínima requirida no punto 14.1.B) non acaden unha puntuación total igual ou superior a 45 puntos non terán dereito a subvención.

3. A proposta de resolución provisional incluírá a puntuación proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a non admisión das restantes solicitudes, diferenciando as ditas puntuacións para cada un dos dous tipos de entidades beneficiarias. Para os proxectos admitidos, indicaranse aqueles que superaron a puntuación mínima exixida e aos que se lle denegou a subvención por non acadar a dita puntuación.

4. No suposto de que algunha entidade beneficiaria renuncie á subvención concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda o reintegro conforme o previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuacións aos proxectos admitidos que acadasen a puntuación mínima requirida e que non obtiveran subvención por esgotamento do crédito previsto. Actuarase do mesmo modo cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente previsto nesta convocatoria.

5. No caso de que algún dos dous grupos de entidades beneficiarias non esgote o seu orzamento, ben polo número de solicitudes ou pola puntuación obtida, poderase incorporar o importe sobrante dun grupo de entidades beneficiarias ao outro grupo.



6. As entidades locais disporán de 10 días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a Secretaría Xeral de Cultura no lugar e na forma indicados no artigo 7 desta orde.

En todo caso, entidades locais que presenten alegacións enviarán un correo electrónico á Secretaría Xeral de Cultura, Servizo de Promoción da Cultura, no seguinte enderezo: axudas.cultura@xunta.gal, no que indicarán o día en que presentaron as alegacións e o motivo.

7. Logo de examinar as alegacións aducidas polas entidades interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, o proxecto subvencionado e o importe da subvención proposta. Os proxectos propostos ordenaranse por rigorosa orde de incoación dos expedientes.

8. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún en favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Artigo 16. *Resolución*

1. O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, logo da elevación da proposta de resolución definitiva pola Secretaría Xeral de Cultura, ditará a resolución de concesión, debidamente motivada, de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Na resolución constará a identificación das entidades beneficiarias diferenciando as institucións sen ánimo de lucro e as entidades locais, a actuación subvencionada e o importe subvencionado. Os proxectos subvencionados ordenaranse por rigorosa orde de incoación dos expedientes.

Así mesmo, na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda ás que quedan sometidas as entidades beneficiarias derivadas da aceptación da subvención.

2. A resolución e concesión notificarase aos interesados consonte o artigo 17 da orde e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, daráselle publicidade na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, <https://www.cultura.gal>



3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses, contados a partir do día seguinte da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalizado o prazo máximo establecido sen que se dite e notifique resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 17. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 18. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de conformidade co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As presentes bases habilitan para autorizar as modificacións das características dos proxectos subvencionados atendendo aos obxectivos e requisitos da orde e ao cumprimento da normativa de aplicación, e no caso de entidades locais en particular, ao establecido no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais de Galicia.

3. A autorización para a modificación do proxecto acordarase por resolución do órgano competente para a concesión das axudas, sempre e cando non se causen prexuízos a terceiros.

Artigo 19. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación, comprometéndose a executar a acción subvencionada nas condicións establecidas na presente convocatoria. No caso de non comunicar o dito extremo no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada, salvo causas de forza maior aceptadas pola Comisión de Valoración e de non facelo incorrerá nas responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A renuncia á subvención poderase formular por calquera medio que permita a súa constancia, conforme o establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para as subvencións concedidas a agrupacións ou asociacións de concellos, o escrito de renuncia deberá estar suscrito pola persoa representante de cada un dos concellos.



Artigo 20. Obrigas das entidades beneficiarias

As persoas beneficiarias desta axuda quedarán suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en concreto, estarán obrigadas a:

1. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que fosen concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución das axudas.

2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme se establece no artigo 24 da orde de convocatoria.

3. Facer constar en toda a publicidade xerada polo proxecto subvencionado que a entidade beneficiaria recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 21. Xustificación

1. As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a achegar a documentación xustificativa, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ata o 31 de outubro de 2022; transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días a presente para os efectos previstos da xustificación das subvencións.

A falta de presentación da xustificación no tempo e forma establecidos neste artigo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Malia o disposto no punto anterior, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.



As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación de prazo son os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas; no caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a entidade beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 50 % do importe total do investimento subvencionable, de non alcanzarse ese mínimo, enténdese que non se logran os obxectivos propostos na solicitude, e polo tanto, determinarase a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida.

2. A documentación xustificativa se presentará conforme o seguinte:

a) Institucións sen fin de lucro:

a.1) Solicitude de pagamento da subvención (anexo III), debidamente cuberta e asinada pola persoa representante da entidade.

a.2) Memoria económica abreviada co contido seguinte: estado representativo dos gastos correntes incorridos para a realización das actividades subvencionadas, debidamente agrupadas.

a.3) Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento, incorporados na mesma orde que na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

A factura deberá recoller os seguintes datos: identificación do emisor e receptor, data de emisión, número de factura, concepto e importe.

O concepto da factura debe ser o máis detallado posible e reflectir claramente a súa relación co evento obxecto de subvención.

No xustificante bancario deberá constar ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data.

O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, salvo que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste



caso, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade local beneficiaria das subvencións.

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 300 €. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo provedor, en que figure a expresión «recibín en metálico».

a.4) Memoria explicativa do proxecto realizado, que comprenderá, como mínimo, os puntos seguintes:

- Programación das actuacións realizadas.
- Temporalización do evento.
- Localización do evento.
- Repercusión territorial.
- Cuantificación e perfil das persoas participantes.
- Repercusión do evento nos medios de comunicación e redes sociais. Documentación gráfica acreditativa.
- Resultados obtidos.
- Porcentaxe de financiamento propio en relación ao orzamento total do proxecto.

A memoria recollerá explicitamente o cumprimento de cada un dos requisitos do proxecto establecidos no artigo 1.3 da orde.

a.5) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada procedentes das distintas administracións públicas competentes ou outros entres públicos e o compromiso de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta declaración (anexo III).

b) Entidades locais:

A xustificación dos gastos realizarase mediante a modalidade de conta xustificativa, a través da presentación por parte da entidade beneficiaria ou, no caso de subvencións



concedidas a asociacións ou agrupacións de concellos, polo concello representante, da seguinte documentación:

b.1) Solicitud de pagamento da subvención (anexo III), debidamente cuberta e asinada pola persoa que ten a representación da entidade.

b.2) Conta xustificativa conforme os artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que incorporará:

– Certificación emitida e asinada electronicamente pola secretaría da entidade local beneficiaria ou da entidade local representante, no caso de agrupación ou asociación de concellos, na que se faga constar:

- O acordo da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/da acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón en contabilidade, na fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

- Que na tramitación dos procedementos de contratación necesarios para realizar o proxecto subvencionado se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios.

- De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 18.2 desta orde e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b.3) Resolución de adxudicación dos contratos realizados, onde quede acreditado, se é o caso, que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta economicamente máis vantaxosa,



deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

b.4) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada procedentes das distintas administracións públicas competentes ou outros entres públicos e o compromiso de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta declaración (anexo III).

b.5) Memoria detallada sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se indicarán, como mínimo, os puntos seguintes:

- Programación das actuacións realizadas.
- Temporalización do evento.
- Localización do evento.
- Repercusión territorial.
- Cuantificación e perfil das persoas participantes.
- Repercusión do evento nos medios de comunicación e redes sociais. Documentación gráfica acreditativa.
- Resultados obtidos.
- Porcentaxe de financiamento propio en relación ao orzamento total do proxecto.

A memoria recollerá explicitamente o cumprimento de cada un dos requisitos do proxecto establecidos no artigo 1.3 da orde.

b.6) Ademais da documentación anterior, no caso de proxectos de xestión compartida a través de asociacións ou agrupación de concellos, na memoria deberase explicar o aforro real de custos acadado en comparación cos gastos derivados da xestión individual das actuacións.

3. A Secretaría Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento calquera documentación que considere oportuna para a xustificación da axuda.



Artigo 22. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, e antes de proceder ao seu pagamento, a Secretaría Xeral de Cultura realizará as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do investimento subvencionado.

2. Non se poderá realizar o pagamento das axudas en tanto o beneficiario non se atope ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución da procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para os efectos e con carácter xeral, considerarase gasto realizado aquel que estea pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, 31 de outubro de 2022

No caso de entidades locais e de acordo co artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da entidade local beneficiaria do aboamento da subvención concedida.

Artigo 23. *Reintegro da axuda e procedemento sancionador*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, conforme o procedemento establecido no título II da Lei de subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión, a xustificación de conceptos e elementos que representen menos do 50 % do orzamento das actuacións subvencionables.

b) Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade do pagamento da subvención nos termos establecidos no artigo 21.3 desta orde.

En todo caso será reintegrado o financiamento público polo importe pagado da subvención que supere o custo final xustificado do proxecto subvencionado.



c) Incumprimento da obriga de solicitar e obter un mínimo de tres ofertas, nos supostos en que sexa esixible no artigo 18.2 desta orde ou non achegalas xunto coa xustificación da subvención.

d) De conformidade co previsto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o incumprimento da obriga de dar a adecuada publicidade do cofinanciamento das actuacións nos termos establecidos nos artigos 17.9 e 18.e).

e) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos supostos establecidos no artigo 33 da dita lei ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

Nas solicitudes de agrupacións ou asociacións de concellos, responderán de forma solidaria todos os concellos integrantes da agrupación ou asociación.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

3. Ás entidades beneficiarias destas subvencións seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24. *Recursos*

Contra esta resolución, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que corresponda.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 26. Normas de aplicación

No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
 - d) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma.
- E suplementariamente:
- e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificacións das subvencións concedidas na Administración do Estado.
 - f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.
 - g) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - h) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Disposición derradeira primeira

Facúltase o secretario xeral de Cultura, no ámbito das súas competencias, para emitir as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9.2.2021)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación e Universidade




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECIONADO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT215A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPÑA) (en caso de entidade local)			
<input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	
NOME DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN	
<input type="text"/>	
ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
MODALIDADES DE SUBVENCIÓN	
<input type="radio"/> ARTES ESCÉNICAS <input type="radio"/> ARTES MUSICAIS	




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
1. Documentación xeral

- 1.1. Certificado do acordo de solicitude da axuda.
 1.2. Declaración responsable de que o proxecto cumpre cos seguintes requisitos (artigo 1.3):
 1.2.1. Ter unha duración mínima de dous días consecutivos e un máximo seis.
 1.2.2. O orzamento destinado á contratación artística non superará o 50 % do orzamento do proxecto presentado e o importe por actuación non superará en ningún caso os 5.000 €.

 1.2.3. A programación contará, cando mínimo, cun 30 % do total das actuacións artísticas a cargo de grupos e/ou compañías galegas.
 1.2.4. O proxecto obxecto de subvención debe ter un carácter libre e gratuito para o público asistente.
 1.3. Acreditación do cumprimento da obriga de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio 2020, para as entidades locais.
 1.4. Acreditación do cumprimento da obriga de presentarlle as contas ao protectorado, para as fundacións.
- | | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|--|--------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> 1.5. Acreditación da representación da persoa que a asine en nome da entidade. | | | |
| <input type="checkbox"/> 1.6. Estatutos rexistrados da institución e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda. | | | |

2. Documentación específica

- 2.1 Ficha do proxecto (anexo II).
 2.2. Memoria da traxectoria e interese cultural e artístico do evento en edicións anteriores que abordará os seguintes aspectos:
 2.2.1. Antigüidade do evento.
 2.2.2. Premios e recoñecementos acreditados.
 2.2.3. Asistencia de público, con achega de datos de participación presencial.
 2.2.4. Calidade das programacións, facendo explícitos os seus aspectos innovadores e creativos.
 2.2.5. Repercusión nos medios de comunicación e no territorio.
 2.3. Memoria completa e detallada do proxecto para o que se solicita a subvención:
 2.3.1. Interese, singularidade e relevancia artística e cultural da edición.
 2.3.2. Contribución e estratexias de captación ou creación de novos públicos.
 2.3.3. Programación de actividades culturais complementarias vinculadas ao proxecto presentado.
 2.3.4. Plan de comunicación.
 2.3.5. Repercusión territorial.
 2.3.6. Contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas, presenza do galego na realización do programa do evento e na súa difusión.
 2.4. Memoria de aforro de custos estimado respecto á presentada de modo individual, para as solicitudes de agrupación ou asociación de concellos.
 2.5. Convenio de colaboración ou instrumento xurídico que regule a agrupación ou asociación, Para as solicitudes de agrupación ou asociación de concellos.
 2.6 Outra documentación que se entende pertinente.




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE**
**ANEXO I
(continuación)**

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON


INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral de Cultura.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 25 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT215A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral de Cultura


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xgfy2429-yqy4-thl8-hze6-qrbdx8vjus7


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

ANEXO II
FICHA DO PROXECTO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>


E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROXECTO	
MODALIDADE	<input type="radio"/> ARTES ESCÉNICAS <input type="radio"/> ARTES MUSICAIS
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	Nº EDICIÓNS REALIZADAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>
LUGAR DE REALIZACIÓN	DATAS DE REALIZACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO	
ORZAMENTO SEN IVE	ORZAMENTO CON IVE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ORZAMENTO DE INGRESOS	
A. SUBVENCIÓN SOLICITADA Á SECRETARÍA XERAL DE CULTURA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (A)	
B. AXUDAS DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (B)	
C. FONDOS E RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (C)	
D. PATROCINIOS PRIVADOS	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (D)	
TOTAL INGRESOS	IMPORTE
TOTAL (A+B+C+D)	<input type="text"/>

NIVEL DE AUTOFINANCIAMENTO DO PROXECTO	
Fondos e recursos propios (C) + patrocinios privados (D) empregados no evento con respecto ao orzamento total do proxecto sen IVE	
Orzamento total do proxecto sen IVE	Fondos e recursos propios + patrocinios privados
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NIVEL DE AUTOFINANCIAMENTO DO PROXECTO <input type="radio"/> superior ao 30 % ata o 40 % <input type="radio"/> superior ao 40 % e ata o 60 % <input type="radio"/> superior ao 60 %	

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xgfy2429-yqy4-thl8-hze6-qrbdx8vjus7


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**


 CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

ANEXO II
(continuación)


ORZAMENTO DE GASTOS		
A. GASTOS DE DIFUSIÓN E PUBLICIDADE	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (A)		
B. ALUGAMENTOS, SERVIZOS E EQUIPAMENTOS TÉCNICOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (B)		
C. CACHÉS DE COMPAÑÍAS/GRUPOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (C)		
D. DOTACIÓN PREMIOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (D)		
E. VIAXES E ALOXAMENTOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (E)		
F. OUTROS GASTOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (F)		
TOTAL GASTOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (A+B+C+D+E+F)		

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Secretaría Xeral de Cultura

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xgfy2429-yqy4-th18-hze6-qrbdx8vjus7


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

ANEXO III

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

CT215A-SUBVENCIÓNS A FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECIONADO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL / ENTIDADE LOCAL

NIF

--	--

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

--	--	--	--

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) (no caso de entidades locais)

--

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
A) Institucións sen ánimo de lucro:

- Memoria económica abreviada co estado representativo dos gastos para a realización do proxecto, debidamente agrupados.
 Relación de gastos ordeada segundo o concepto que se atribúe, facturas e xustificantes bancarios incorporados na mesma orde.
 Memoria detallada sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se indicarán como mínimo:
 - Programación das actuacións realizadas.
 - Temporalización
 - Localización do evento.
 - Repercusión territorial.
 - Cuantificación e perfil das persoas participantes.
 - Resultados obtidos.
 - Porcentaxe de financiamento propio en relación ao orzamento total do proxecto.



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADEANEXO III
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA** (continuación)**B) Entidades locais:**

- Conta xustificativa conforme os artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais, que deberá conter:
 - Certificación emitida e asinada electronicamente pola secretaria da entidade local beneficiaria ou da entidade local representante, no caso de agrupación ou asociación de concellos, na que se faga constar:
 - O acordo de aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Que, segundo o informe da intervención municipal, se tomou razón en contabilidade, na fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - Que na tramitación dos procedementos de contratación se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratación do sector público.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios.
 - De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Resolución de adjudicación dos contratos realizados onde quede acreditado, no seu caso, que a elección entre as ofertas recaeu na proposta economicamente máis vantaxosa. No caso contrario, deberá achegarse memoria na que se xustifique expresamente a elección do adjudicatario do contrato.
- Memoria detallada sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se indicarán como mínimo:
 - Programación das actuacións realizadas.
 - Temporalización.
 - Localización do evento.
 - Repercusión territorial.
 - Cuantificación e perfil das persoas participantes.
 - Resultados obtidos.
 - Porcentaxe de financiamento propio en relación ao orzamento total do proxecto.
- Memoria de aforro real de custos acadado en relación aos gastos derivados da xestión individual, no caso de agrupación ou asociación de concellos.

SOLICITA

Que se proceda ao pagamento da subvención concedida.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral de Cultura

